



**SUPERLIGA
SIROKO**
PRO-AM DIVISION

**SUPERLIGA SIROKO 2019
BASES DA ORGANIZACIÓN E CELEBRACIÓN
DE PROBAS DA SUPERLIGA SIROKO**

WWW.SUPERLIGASIROKO.COM



CAPÍTULO I

| DA SUPERLIGA SIROKO E OS PARTICIPANTES

ARTIGO I

1 A SUPERLIGA SIROKO constará de 4 probas en categoría masculina e feminina que se celebrarán nas seguintes datas e localizacións (1):

- Sopelana 18 e 19 de maio
- Berria 1 e 2 de xuño
- Salinas 3 e 4 de agosto
- Doniños 28 e 29 de setembro

2 Para participar nestas probas será imprescindible estar en posesión de calquera licenza federativa en vigor.

3 Todos os participantes deberán presentar o seu DNI/PASAPORTE, a súa información bancaria para o pagamento do diñeiro do premio e o seu carné federativo ou acreditación na oficina do rexistro en cada proba.

4 Todos os participantes deberán inscribirse a través da páxina www.sirokoleague.surf (www.superligasiroko.com), ata un máximo de 34 rapaces e 34 rapazas. A inscrición terá un custo de 40 € IVE incluído para cada proba, incluído o playoff, agás os wildcards (2), que serán designados e notificados individualmente pola organización.

5 A figura do wildcard non existirá no playoff.

6 O número total de participantes para cada categoría, incluídos os wildcards designados pola organización, será de 36 atletas.

7 Cada proba contará con 12 cabezas de serie en categoría feminina e masculina designados pola organización.

8 Existirá unha lista de alternativ@s para completar posibles baixas nos 36 participantes de cada categoría.

9 O prazo de inscrición para cada proba pecharase 5 días antes da data de comezo de cada unha das probas.

Peche País Vasco: 13 de maio

Peche Cantabria: 26 de xuño

Peche Asturias: 28 de agosto

Peche Galicia: 23 de setembro

10 No caso de que a organización deba cancelar por calquera motivo algunha das probas, devolverase o 50 % do importe das inscricións.

11 A cancelación da inscrición dun participante de calquera das categorías ha de ser realizada, logo de notificación e xustificación á organización, como mínimo 10 días antes da data de inicio de cada proba. De non ser así, o participante perderá o seu dereito a participar nas seguintes probas e á devolución do importe da inscrición.

12 Disporán de zona exclusiva para riders cada unha das probas, á que poderán acceder cun acompañante previa acreditación na oficina do rexistro.

(1) Estas datas e localizacións poderían verse sometidas a modificacións se a organización da SUPERLIGA SIROKO o considerase necesario. Calquera modificación notificarase a través da páxina web e das canles oficiais da SUPERLIGA SIROKO.

(2) A última proba consistirá nun playoff que determinará o gañador e a gañadora da SUPERLIGA SIROKO. A el accederán os 12 mellores clasificados de cada categoría (homes e mulleres) segundo a clasificación das tres primeiras probas.



CAPÍTULO II

| DOS AXENTES QUE INTERVEÑEN NAS PROBAS

SECCIÓN I, DO PROMOTOR

ARTIGO III

1 O promotor é a persoa física ou xurídica que, con recursos propios ou alleos, organiza un campionato.

2 Son obrigas do promotor:

A_ Solicitar as autorizacións pertinentes para a celebración do campionato. Neste punto pode ser auxiliado pola SUPERLIGA SIROKO.

B_ Velar polo normal desenvolvemento do campionato.

C_ A adquisición dos correspondentes premios en metálico, en material e trofeos.

D_ Coordinarse co director da competición e o xefe de xuíces.

E_ A remuneración das persoas que, independentemente do seu labor, traballen no campionato.

F_ Facilitarlles comida, bebidas e, se é o caso, aloxamento ás persoas que traballen no campionato e aos surfistas.

G_ A montaxe da infraestrutura necesaria para o desenvolvemento do campionato.

H_ A seguridade do campionato, tanto na auga (de tipo presencial) coma do material.

I_ A organización, se é o caso, de eventos paralelos, como concertos, exhibición doutros deportes, festas, etc.

J_ A promoción, apoiado polo aparato loxístico da SUPERLIGA SIROKO, do evento.

K_ A colocación da publicidade de todos os patrocinadores que colaboren co circuíto e o campionato.

SECCIÓN II, DO COMENTARISTA

ARTIGO IV

1 Son obrigas do comentarista:

A_ Informar en todo momento os competidores sobre os integrantes das mangas e as súas lycras.

B_ Informar competidores e público sobre o desenvolvemento do campionato.

C_ Atender ás instrucións dos xuíces e, se é o caso, dar a correspondente publicidade.

D_ Colaborar cos promotores do evento promovendo patrocinadores, instrucións, etc.

SECCIÓN III, DO XUIZ DE PRAIA

ARTIGO V

1 Son funcións do xuíz de praia:

A_ Custodiar as lycras do campionato.

B_ Entregarlles as lycras aos competidores.

C_ Velar pola devolución das lycras por parte dos competidores despois de rematada a manga.

D_ Se é o caso, tocar a bucina ao comezar e finalizar cada manga.

E_ Control do tempo de cada manga.

F_ Control do panel de sinalización segundo a situación da manga.

G_ Informar os deportistas que o precisen das condicións da manga: tempo, número de ondas, zona de competición, punto de entrada segundo as correntes, etc.



SECCIÓN IV, DOS XUÍCES

ARTIGO VI

1 As probas oficiais da SUPERLIGA SIROKO contarán obrigatoriamente con xuíces titulados e con ficha federativa en vigor.

2 O panel de xuíces responsables de cada proba deberá corresponderse co seguinte cadro:

ELEMENTO ARBITRAL

- 1 Director de competición
- 1 Xefe de xuíces
- 3 Xuíces anotadores
- 1 Xuíz de prioridade
- 3 Vixiantes
- 1 Comentarista

ARTIGO VII

1 As funcións dos xuíces son:

A_ Puntuar de forma obxectiva as distintas manobras realizadas polos competidores.

B_ Seguir as instrucións do xefe de xuíces.

C_ Cumprir cos horarios do campionato e coas quendas designadas polo xefe de xuíces.

D_ Cumprir o regulamento dos xuíces, xefe de xuíces e directores de competición da FCS.

Os xuíces analizarán os seguintes elementos ao anotar as ondas:

- Manobras innovadoras e progresivas
- Combinación de grandes manobras
- Variedade de manobras
- Velocidade, potencia e flow

ESCALA DE AVALIACIÓN

[0,0 - 1,9] Pobre

[2,0 - 3,9] Xusto

[4,0 - 5,9] Media

[6,0 - 7,9] Bo

[8,0 - 10,0] Excelente



SECCIÓN V, DO XEFE DE XUÍCES

ARTIGO VIII

1 O xefe de xuíces é o máximo responsable dos criterios de puntuación seguidos no campionato.

2 Antes do comezo do campionato, celebrará unha reunión cos competidores para expoñer os criterios de puntuación en función das condicións do mar. Esta reunión poderase celebrar os seguintes días de competición no caso de que as condicións cambien.

3 O xefe de xuíces realizará as seguintes funcións:

A_ Establecer os criterios de puntuación que se han de seguir no campionato.

B_ Darlles instrucións aos xuíces.

C_ Separar, de conformidade co director da competición, os xuíces que non estean ao nivel requirido pola competición, non permitíndoselles xulgar máis ese evento.

D_ Organizar quendas, de forma que os xuíces só poidan xulgar tres mangas consecutivas.

E_ Mentres se desenvolven as mangas, o xefe de xuíces escrutará as follas de puntuación para asegurar o mantemento do nivel uniforme entre unha manga e a seguinte e o uso de toda a escala dispoñible de puntuación polos xuíces. As regras de interferencia serán aplicadas perfecta e drasticamente. Así mesmo, deberá advertirlles aos xuíces se as súas medias ou procedementos non son compatibles cos do resto do panel. Tal medida deberá ser tomada polo xefe de xuíces entre o final dunha manga e o comezo da seguinte.

F_ Será o responsable de manter a conta de ondas en cada manga e asegurar que os xuíces poidan identificar ordenadamente as ondas.

G_ Deberá dar as ordes oportunas para notificarlle ao surfista que foi interferido de que dispón dunha onda extra.



SECCIÓN VI, DO DIRECTOR DE COMPETICIÓN

ARTIGO IX

A_ Verificación das inscricións.

B_ Verificación de licenzas de deportistas e elemento arbitral.

C_ Efectuar seeding da proba.

D_ Condicións da proba.

- Tempo das series.
- Área de competición.
- Regra de prioridades.
- Horario da proba.

E_ Regulamento de competición.

F_ Atención das reclamacións.

G_ Coordinación co organizador e o xefe de xuíces.

H_ Control do comité de competición (organizador, xefe de xuíces e director de competición).

I_ Sorteo antidopaxe.

J_ Clasificación da proba.

K_ Informe sobre a proba.

L_ Verificación do sistema de tabulación (Surfmanager/Refresh/otro) software e hardware.

M_ Control das bandeiras e lycras durante a proba do patrocinador da FCS.

N_ Control económico do evento (facturas e cheques).

Ñ_ Atender os medios de comunicación.

O_ Decidir, se é o caso, a suspensión do campionato.



CAPÍTULO III

| DO DIÑEIRO DO PREMIO

WWW.SUPERLIGASIROKO.COM

ARTIGO XI

Desagregación de premios por proba para ambas as categorías, masculina e feminina:

	BASE	IVE %21	RETENCIÓN %15	LÍQUIDO POR PERCIBIR
1º	1.886,79€	396,23€	283,02€	2.000,00€
2º	943,40€	198,11€	141,51€	1.000,00€
3º	235,85€	49,53€	35,38€	250,00€
3º	235,85€	49,53€	35,38€	250,00€

ARTIGO XII

Desagregación de premios para os gañadores da SUPERLIGA SIROKO

CATEGORÌA FEMININA

	BASE	IVE %21	RETENCIÓN %15	LÍQUIDO POR PERCIBIR
1º	5.660,38€	1.188,68€	849,06€	6.000,00€

CATEGORÍA MASCULINA

	BASE	IVE %21	RETENCIÓN %15	LÍQUIDO POR PERCIBIR
1º	5.660,38€	1.188,68€	849,06€	6.000,00€

*Todos os pagamentos realizaranse mediante transferencia bancaria, para o que os participantes deberán de achegar o seu CCC/ IBAN no momento da inscrición.



CAPÍTULO IV

| DA COMPETICIÓN

ARTIGO XIII

- 1 Non habrá preferencia de ondas nin mareas para rapaces e rapazas.
- 2 As mangas serán de 20 minutos de duración, agás modificacións realizadas pola organización.
- 3 Habrá lei de prioridade nas mangas.

PRIORIDADE

-O surfista con prioridade ten o dereito de paso incondicional para atrapar calquera onda que elixa.

-Outros surfistas da manga poden remar e coller a mesma onda, pero só se non obstaculizan o potencial de puntuación dun surfista con prioridade.

-Un surfista perde a prioridade unha vez que colle ou rema unha onda.

INTERFERENCIA

-Un surfista que obstaculice o potencial de puntuación dun surfista con prioridade sobre el recibirá unha penalización por interferencia.

-Na maioría das situacións, isto significa que a súa puntuación de manga se calculará utilizando só a súa mellor onda de puntuación.

- 4 As normas de conduta especificaranse en cada área do evento.



WWW.SUPERLIGASIROKO.COM